



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**29.06.2022**

**LUGAR:** Sala Manolo Ramos. 3º andar do edificio Ernestina Otero. Campus de Vigo.

**DATA:** 29.06.2022

**HORA DE COMEZO:** 16:30

**HORA DE REMATE:** 18:30

**LISTA DE ASISTENTES**

Calviño Rodríguez, Xulio  
Castro Mouzo, Mercedes  
Cendón Alonso, María Teresa  
Crespo Tobío, Silvia  
Fernández Zunzunegui, Emilio  
Franco García, José María  
García Míguez, María de los Ángeles  
Graña Nogueiras, Jesús  
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo  
Larriba Leira, María Elvira  
López Fernández, Yolanda  
Macho Senra, Antonio  
Martín Moreno, José María  
Martiño Gómez, Antonio  
Ojea Bouzo, Armando  
Ortiz Álvarez, Ana María  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Pérez Puga, Gerardo Ramón  
Ramos Vázquez, Antonio  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Santamaría Conde, Juan José  
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

**ESCUSARON ASISTENCIA**

Añel Cabanelas, María Elena  
Atanes Limia, Xosé Manuel  
Blanco Gómez, César  
Blanco Rial, María Gloria  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Novoa Rodríguez, María Sol  
Sánchez Gándara, Rosa María

**NON ASISTIRON**

Cebro Rodríguez, Xoán

**SECRETARIO**

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 29 de xuño de 2022, ás 16:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (31.03.2022).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.

*Propostas e acordos da Comisión Económica (reunión do 27 de xuño de 2022).*

- 4.** Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2021 da Universidade de Vigo. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
- 5.** Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- 6.** Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA).
- 7.** Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).
- 8.** Modificación das normas de execución do orzamento 2022 (artigo 11. Transferencias de crédito). Aprobación, se procede.
- 9.** Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos de Omron á Universidade de Vigo.
- 10.** Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa SPARC, S.L., promovida por persoal investigador da propia institución.
- 11.** Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2022, orientado a facilitar o achegamento do estudiantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- 12.** Informe que proceda sobre a presentación de solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), consonte a normativa reguladora de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG. (Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022).
- 13.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o curso 2022/2023, por servizos administrativos e académicos que afectan a titulacións oficiais e ao alumnado visitante.
- 14.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que se desenvolverán no curso 2022/2023 nos tres Campus da Universidade de Vigo.
- 15.** Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2022.
- 16.** Informe sobre a aplicación das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos común das tres universidades". (Pleno do 29 de xullo de 2021).



*Propostas informadas favorablemente, acordos e patrocinios da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 26 de abril de 2022).*

17. Aprobación da axuda proposta para a organización da "I Feira internacional Emprego in Campus da Universidade de Vigo".
18. Aprobación, se procede, da participación e patrocinio do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao estudantado da Universidade de Vigo no curso 2022/2023, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
19. Outros acordos da Comisión.
20. Aprobación da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2022/2023, delegada no presidente.
21. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social no patrocinio da convocatoria "Premios Alumni-Universidade de Vigo" e organización do "I Encontro da Comunidade".
22. Rogos e preguntas.

---

*O presidente afirma que o Pleno convocouse en horario de tarde de xeito excepcional, debido as urxencias e obrigado cumprimento que ven mantendo este Consello Social dos prazos para presentar as contas perante o órgano de fiscalización da Comunidade. Agradece a asistencia dos presentes, e expresamente a Loli Ojea, xefa do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría da UVigo, convocada para informar sobre asuntos da súa competencia.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (31.03.2022).*

- ***Apróbanse por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Ernesto Pedrosa dedica a primeira parte do seu informe á memoria do finado vicerreitor Manuel Ramos, "cuxa inesperada ausencia tanto nos ten doído", e polo que transmite ao reitor e ao equipo de goberno "o maior afecto, admiración e solidariedade pola súa sensibilidade e resistencia, e pola súa tristeza, tan visible, tan serena e tan fonda".

Lembra que Manuel Ramos era asiduo aos plenos do Consello Social, "aos que sempre acudía documentado e sinxelo como reflexo da súa discreta pero enorme capacidade". Afirmo que a súa lembranza non deixará de estar presente, "e o lembraremos sempre porque o seu exemplo de conciliación, entendemento e eficacia seranos de gran proveito a todos".

O presidente agradece as condolencias recibidas e deixa constancia da "gratidade e respecto que nos merece, polo seu constante exercicio de dispoñibilidade, rigor e tolerancia, e por ter transitado pola vida na parte dos xenerosos".

Remata co verso do poeta ourensán José Angel Valente "Marchar, soamente foi o xeito de ficar para sempre", para dicir que "Manolo Ramos só tería sido parte da nosa existencia nunha etapa profesional máis ou menos longa; pero coa súa morte estará sempre nas nosas vida".

De seguido felicita a Manuel Reigosa e ao seu equipo pola reelección como reitor "con un importante referendo", ao tempo que lle desexa os maiores acertos para o novo mandato e ofrécelle as capacidades e competencias do Consello Social para fraguar unha universidade "capaz de levar cara ao futuro ao territorio e ás persoas". Tamén felicita ao goberno universitario por pechar 2021 como ano récord no número de proxectos de investigación desenvolvidos.



Sobre a orde do día, e aparte dos asuntos económicos a tratar de evidente importancia, subliña o punto referido á convocatoria dos *Premios Alumni-UVigo* e á organización do *I Encontro da Comunidade*, "pola extraordinaria importancia que teñen para nós os egresados e a súa conexión coa universidade", agradecendo neste punto o traballo que están a facer a vicerreitora Natalia Caparrini e os profesores Luis Espada e Víctor Cacharrón.

Respecto ao anteproxecto da Lei orgánica do sistema universitario, que empeza a tramitación no Congreso, manifesta Ernesto Pedrosa que abre un importante debate "tan necesario como inaprazable". "Toca cambio, e hai que propicialo". Considera prioritario que a universidade se sitúe alí onde os escenarios sociais e democráticos a precisen, e máis adiante xa veremos o papel dos Consellos Sociais".

Finalmente, e a xeito de despedida, agradece a Raquel Souto o traballo que fixo como xerente da UVigo durante os últimos catro anos, "e a colaboración, participación e implicación no Consello Social". Así mesmo felicita a Juan Manuel Vieites pola medalla de honra recibida de ANFACO, que presidiu durante 31 anos, e pola elección como *Galego do ano* polo seu talante á fronte da Confederación de empresarios galegos.

### **PUNTO 3**

*Informe do reitor.*

Agradece Manuel Reigosa "o cariño e agarimo" recollido nas palabras do presidente en memoria de Manolo Ramos, que fai extensivo ao secretario e aos membros do Consello Social, e amosa a disposición a seguir traballando arreo estes próximos catro anos.

Na exposición que leva a cabo destaca a vinculación da UVigo con empresas europeas para partillar experiencias e compartir e aprender outros modos de cooperar, investigar e ensinar. E salienta tamén a labor das Escolas dos programas de maiores que se está a levar a cabo, para estender o modelo de formación permanente, tanto online como presencial, nos tres Campus e nas cidades do sur de Galicia.

Por último, súmase aos parabéns transmitidos polo presidente, que fai propios.

Juan José Santamaría intervén neste intre para declarar que o presidente do Consello Social incorre en incompatibilidade (recollida no artigo 78 da Lei 6/2013 do SUG, por formar parte do Consello de Cidade Universitaria (CUSA), ao entender que a condición de membro do Consello Social é incompatible co desempeño de cargos directivos en empresas ou sociedades con participación da Universidade superior ao 10% do capital social, e que no caso de CUSA chega ao 57,14%, "porque non se pode estar no órgano supervisado e formar parte do órgano supervisor". Señala que se produce un conflito de intereses que debe evitar.

Resposta Ernesto Pedrosa que non comparte esa interpretación pero que vista a súa insistencia e reiteración neste asunto, e a fin de despexar toda dúbida, fará efectivo o seu cese e renunciará a continuar como conselleiro en CUSA.

### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2021 da Universidade de Vigo. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.*

Toma a palabra Juan Manuel Vieites para introducir o bloque de temas tratados na Comisión que preside. En liñas xerais apunta que a UVigo presenta contas saneadas, superávit estrutural positivo, e a auditoría limpa sen condicións nin limitacións. Refírese ás recomendacións dos auditores. Alude telegraficamente a cada un dos puntos restantes e á súa aceptación por estar soportados por documentación suficiente, polo que propón a súa aprobación ou ratificación polo Pleno. No caso do punto 8 informa que a Comisión deixouno pendente ao considerar insuficiente a argumentación presentada, e acordouse reclamar nova documentación que se trae a esta reunión.

O vicerreitor José María Martín Moreno presenta as contas explicando que a evolución dos orzamentos no período 2015-2021 reflicte unha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir cada ano a actividade ordinaria da UVigo. Destaca o rigor na elaboración dos orzamentos –"moi axustados á realidade"- e debulla a conta anual de 2021. O orzamento definitivo de ingresos acadou os 202.068.508 €



(un 9,4% máis que a cifra inicial estimada), e o resultado orzamentario é de 5.474.751,41 €. Desagrega a comparativa co exercicio anterior de ingresos e gastos por capítulos, o remanente de tesouraría e o resultado económico patrimonial, entre outros indicadores.

Respecto do Memorando de recomendacións que acompaña ao Plan de control financeiro do exercicio 2021, Martín Moreno comenta que xa se está a traballar sobre as suxerencias que se apuntan en puntos susceptibles de mellora sobre saldos contables e outros aspectos da organización referidos a Patrimonio, as spin-off e FEUGA. Juan José Santamaría anuncia a súa abstención.

- **O Pleno da a súa aprobación.**

### **PUNTOS 5, 6 e 7**

*Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).*

*Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA).*

*Análise e valoración das contas anuais de 2021 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).*

Resume Martín Moreno que os informes de auditoría son limpos e sen condicións nos tres casos, se ben comenta algunhas circunstancias específicas de cada unha das sociedades, estado no que se atopan e perspectivas, especialmente no caso de CUSA sobre a que afirma que a situación "está controlada". Juan José Santamaría anuncia que se abstén nos tres casos por discordancias referidas á súa localización no Campus de Vigo.

- **O Pleno da a súa aprobación.**

### **PUNTO 8**

*Modificación das normas de execución do orzamento 2022 (artigo 11. Transferencias de crédito). Aprobación, se procede.*

Aclara Ernesto Pedrosa que este punto quedou sobre a mesa na Comisión Económica, por entender que delegar unha competencia require dispor de máis documentación que a remitida á devandita comisión pola entón aínda xerente, solicitando do Consello Social que delegue as súas competencias, recollidas no artigo 11 das Normas de execución do orzamento da UVigo, para aprobar as transferencias de gastos de capital a gastos correntes. O obxectivo é buscar unha maior axilidade na tramitación das devanditas transferencias de crédito "para a contratación de persoal en proxectos e actividades de investigación sen límites de contía. O motivo é que a recente reforma laboral establece que a contratación de persoal investigador debe realizarse a través da modalidade de contratación indefinida, aínda que dito contrato estea financiado con fondos alleos como son os dos proxectos de investigación. Xa que os créditos asociados aos proxectos de investigación e as actividades contratadas ao amparo do artigo 83 da LOU están dotados no capítulo 6 do Orzamento, é preciso a súa dotación no capítulo 1 de gastos, que é onde deben ir as imputacións orzamentarias destas modalidades contractuais".

Martín Moreno comunica que se solicitaron e apórtanse ao Pleno escritos da Asesoría Xurídica e de Control Interno dando respaldo á petición. E dá conta dun terceiro escrito, do Servizo de Contabilidade, no que se afirma que as transferencias de crédito previstas non varían a natureza do gasto a realizar, "unicamente modifican a clasificación económica do gasto, é dicir, que o gasto aprobado na convocatoria do proxecto é gasto de persoal". Así mesmo explica que no orzamento de 2023 realizarase a dotación dos créditos para proxectos de investigación diferenciando os do capítulo 1, para gastos de persoal, dos do capítulo 6 para os demais gastos a realizar". A propia responsable do servizo, e asinante do informe, ratifícase no exposto. Durante a exposición que fai ante o Pleno, Loli Ojea precisa que a delegación sería "de forma excepcional para o exercicio 2022 e soamente cando as transferencias se refiran a créditos orzados nas aplicación de proxectos de investigación con financiación específica (programa 131H, clasificación económica 645, 644, 646 e 648) e teñan por finalidade dotar créditos no capítulo 1 para a contratación de persoal indefinido".



Toma a palabra Jesús Graña e advirte que a aprobación do Orzamento da UVigo, e polo tanto das Normas de execución, é competencia exclusiva do Consello Social, e entende que a petición que se presenta non é correcta no fondo nin na forma. Manifesta que non entende a urxencia que se require nin que se pida unha delegación sen límites e sen datos que indiquen as cantidades de contratos ou os importes estimados dos que se está a falar.

Resposta Loli Ojea que a urxencia non está clara, pero declara que se trata de crédito xa orzado e que a excepcionalidade afectaría só a este ano.

Terza o reitor que as convocatorias teñen que saír a vindeira semana para 150 ou 200 contratos para proxectos de investigación, e que non se trata de prazas senón de contratos temporais que dependen dos recursos. Pide que se aprobe "porque poderíamos quedar sen poder contratar".

Ábrese unha rolda de opinións con intervención de Xulio Calviño, Emilio Zunzunegui e Antonio Martiño, na que seguen a participar Jesús Graña, Loli Ojea e Martín Moreno.

Finalmente o secretario ofrece articular un acordo temporal con limitacións, obrigas e garantías, delegando no reitor ata o próximo Pleno, á espera de recibir novos datos e informes que permitan tomar entón un acordo en consecuencia. Neste intre dá lectura a un texto baseado no informe do Servizo de Contabilidade. O presidente propón a aprobación.

O Pleno, coa abstención de Juan José Santamaría, Jesús Graña, Antonio Martiño, Elvira Larriba Ana Ortiz e María Teresa Cendón, ao abeiro do recollido no artigo 11 das Normas de execución do Orzamento 2022 da Universidade de Vigo, e a petición da xerencia por razóns de axilidade e urxencia, de xeito excepcional e temporal ata a próxima reunión plenaria do Consello Social ACORDA:

- ***Delegar no Reitor a facultade de autorizar as transferencias de crédito entre gastos de capital e gastos correntes, soamente nos casos que se refiran a créditos orzados nas aplicacións de proxectos de investigación con financiación específica (programa 131H, clasificación económica 645, 644, 646 y 648) e teñan por finalidade dotar créditos no capítulo 1 para a contratación de persoal indefinido, debendo informar ao Consello Social das aprobacións de transferencias realizadas no devandito período.***

*O presidente agradece a asistencia e a aportación de Loli Ojea, que abandona o pleno neste intre.*

## **PUNTOS 9, 10, 11, 12, 13 e 14**

*Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos de Omron á Universidade de Vigo.*

*Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa SPARC, S.L., promovida por persoal investigador da propia institución.*

*Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2022, orientado a facilitar o achegamento do estudiantado ao mercado laboral e á empregabilidade.*

*Informe que proceda sobre a presentación de solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlanTTic), consonte a normativa reguladora de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG. (Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022).*

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o curso 2022/2023, por servizos administrativos e académicos que afectan a titulacións oficiais e ao alumnado visitante.*

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que se desenvolverán no curso 2022/2023 nos tres Campus da Universidade de Vigo.*

O presidente enuncia un por un os acordos que se recollen nestes puntos, que se achegan con amplo respaldo documental e o pronunciamento favorable da Comisión Económica. Propón a aprobación en cada caso.

- ***Apróbanse por asentimento.***



### **PUNTOS 15 e 16**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2022.*

*Informe sobre a aplicación das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos común das tres universidades". (Pleno do 29 de xullo de 2021).*

Co apoio da documentación remitida, o presidente explica sucintamente o contido de ámbolos dous puntos, informados favorablemente pola Comisión Económica.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

*Expón o presidente de xeito resumido os asuntos aprobados na Comisión que se elevan ao Pleno, e sobre os que se remitiu documentación pormenorizada aos presentes*

### **PUNTO 17**

*Aprobación da axuda proposta para a organización da "I Feira internacional Emprego in Campus da Universidade de Vigo".*

- ***O Pleno ratifica a concesión dunha axuda de 7.500 € para organizar a actividade que promove a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria.***

### **PUNTO 18**

*Aprobación, se procede, da participación e patrocinio do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao estudiantado da Universidade de Vigo no curso 2022/2023, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.*

- ***O Pleno ratifica a concesión dunha axuda de 14.500 € para a elaboración e entrega do material que se entregará ao alumnado no inicio do próximo curso.***

### **PUNTO 19**

*Outros acordos da Comisión.*

O presidente remite ao resumo dos acordos, referidos a axudas e patrocinios aprobados na Comisión, que obra en poder dos membros.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 20**

*Aprobación da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2022/2023, delegada no presidente.*

Explica Ernesto Pedrosa como se levou a cabo a distribución, e xustifica a necesidade de asumir a delegación da que está a dar conta a causa da brevidade e présa dos prazos que establece o Ministerio de Educación cando efectúa a convocatoria.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

### **PUNTO 21**

*Aprobación, se procede, da participación do Consello Social no patrocinio da convocatoria "Premios Alumno-Universidade de Vigo" e organización do "I Encontro da Comunidade".*

Consonte o dito durante o seu informe, reitera o presidente a importancia desta iniciativa, que abre un novo ciclo na relación cos egresados e a súa participación e implicación na UVigo, obxectivo que culmina un longo traballo promovido dende o Consello Social durante os últimos anos, e que con estas actividades previstas para o vindeiro mes, acada de pleno o obxectivo previsto. A proposta do presidente,

- ***O Pleno aproba a concesión dunha axuda de 8.000 €.***



**PUNTO 22**

*Rogos e preguntas.*

O Reitor lamenta a renuncia do presidente do Consello Social a seguir en CUSA, e sostén que para a UVigo é bo que estea, e pídelle a Ernesto Pedrosa que o medite. Entende que non son sociedades externas senón parte da UVigo polo que a seu xuízo non habería incompatibilidade, se ben para maior seguridade propón que se pida un informe xurídico. Neste senso propón abordar nalgún momento unha reflexión sobre CUSA, FUVI e CITEXVI, ás que defende como parte que son da UVigo "aínda que parezan alleas ou teñan algunhas cuestións que nos poidan incomodar".

Ernesto Pedrosa agradece a confianza do Reitor. Juan José Santamaría declárase a favor desa reflexión que ofrece o Reitor dentro do Consello Social para tratar da política universitaria "referida aos entes instrumentais" dos que se foi dotando a UVigo, e "co maior ánimo de colaborar en positivo"

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:30 horas do 29 de xuño de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias